

XXXVII MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS

Do 09 ao 18 de xullo de 2020



Luz Beloso



www.mostrateatrocangas.gal

ÍNDICE

- 01. PROGRAMA
- 03. TAQUILLA
- 04. PRESENTACIÓN
- 05. PROGRAMACIÓN AUDITORIO
- 13. PROGRAMACIÓN TEATRO NA RÚA
- 18. ESPAZOS ALTERNATIVOS
- 20. XX XORNADAS MULLERES EN ACCIÓN
- 24. EVENTOS

ORGANIZACIÓN

Dirección Artística e Programación: María Armesto

Coordinación: Salvador del Río

Actividades Paralelas e Formación: Silda Alfaro

Asesoramento Programación: Xoan Carlos Riobó

Xestión Económica: María Xosé Mariño "Che"

Comunicación: Clara Castilla

Técnicos Municipais:

Técnico de Cultura: Estanislao Graña

Director Auditorio Municipal: Juan José Pérez

Directora do CIM: Paula Tenorio

ASISTENCIA TÉCNICA

Ningures Producción SL:

Héctor Pazos

Serafín Piñeiro

Diego R. Camaño

Auditorio Municipal

Paco Alfaro

Andrés Otero

ENTIDADES

Entidades Organizadoras:

A.C. Xiria

Ilmo. Concello de Cangas

Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas

Ningures Producción S.L.

Entidades Patrocinadoras:

Ilmo. Concello de Cangas

Xunta de Galicia, AGADIC

Frigoríficos del Morrazo

Excma. Deputación de Pontevedra

Entidades Colaboradoras:

Erregueté

Centro Dramático Galego

DESEÑO E EDICIÓN

Deseño cartel: Luz Beloso

Deseño gráfico e web: Diego Seixo

Edita: Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, 2020

PROGRAMA

VENRES, 03 XULLO

20:00 VESTÍBULO AUDITORIO MUNICIPAL
INAUGURACIÓN LUZ BELOSO. EXPOSICIÓN

MÉRCORES, 08 XULLO

17:00 SALA DE EXPOSICIÓN AUDITORIO MUNICIPAL
TEMPO AO TEMPO Mónica Camaño

XOVES, 09 XULLO

10:00 SALA DE EXPOSICIÓN AUDITORIO MUNICIPAL
REINVENTAR A TRADICIÓN Paula Carballeira

21:00 NAVES DE OJEA

PREGÓN INAUGURAL Paula Carballeira

PREMIO XIRIA AO LABOR TEATRAL a Quico Cadaval
COMEDIA de Contraproducións

VENRES, 10 XULLO

10:00 SALA DE EXPOSICIÓN AUDITORIO MUNICIPAL
REINVENTAR A TRADICIÓN Paula Carballeira

21:00 NAVES DE OJEA

DOLCE SALATO de Circo Carpa Diem

22:30 AUDITORIO MUNICIPAL

NAPOLEÃO OU O COMPLEXO DE ÉPICO de Chapitô

SÁBADO, 11 XULLO

11:30 SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS
FENDA LABORAL DAS PROFESIONAIS DAS ARTES
ESCÉNICAS E AUDIOVISUAIS: ANTES E DESPOIS DA
PANDEMIA

18:30 SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS
IRMANDIÑAS de Aurora Marco. Presentación libro

19:15 SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS
CÓMPlices. A VIOLENCIA MACHISTA
INSTITUCIONAL de Iria Vázquez Silva e Lola Ferreiro
Díaz. Presentación libro

21:00 NAVES DE OJEA

TONBOLA de Hika Teatroa

22:00 CRUCEIRO DO HÍO

CIRCO DE LUME de Asacocirco

DOMINGO, 12 XULLO

21:00 NAVES DE OJEA

PUNTO Y COMA de El Cruce

LUNS, 13 XULLO

21:00 NAVES DE OJEA

HELL BROTHERS de Cirkcompacto

22:30 AUDITORIO MUNICIPAL

GUERRA DE IDENTIDADE de Deuve

MARTES, 14 XULLO

19:30 SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO MUNICIPAL
IV TORNEO DE DRAMATURXIA DE GALICIA

21:00 NAVES DE OJEA
HELL BROTHERS de Cirkompacto

22:30 AUDITORIO MUNICIPAL
LIBERTO de Rebordelos

MÉRCORES, 15 XULLO

10:30 SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS
II ENCONTRO TEATRO E EDUCACIÓN

16:30 SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS
A NOVA REALIDADE Mesas redondas

21:00 NAVES DE OJEA
SÓ de Xampatito Pato

22:30 AUDITORIO MUNICIPAL
PYKA de Cinema Sticado

XOVES, 16 XULLO

22:30 AUDITORIO MUNICIPAL
DÚAS DONAS QUE BAILAN de Teatro do Atlántico

VENRES, 17 XULLO

20:30 SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL
AS BOAS ACTRICES de 3

22:30 AUDITORIO MUNICIPAL
THE PRIMITALS de Yllana & Primita Brothers

SÁBADO, 18 XULLO

20:30 SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL
AS BOAS ACTRICES de 3

22:30 AUDITORIO MUNICIPAL
PREMIO MULLERES EN ACCIÓN 2020 a Mercedes
Oliveira Malvar (Chis)

22:30 AUDITORIO MUNICIPAL
AS VIRXES SALVAXES de Teatro do Noroeste



TAQUILLA

Recoméndase e prérgase a compra online de localidades (sen gastos), por comodidade para o público e para axilizar a entrada ao Auditorio e demais espazos teatrais.

Desaconséllase a compra de localidades no despacho de billetes do Auditorio, a venda no propio auditorio realizarase cumprindo a normativa en seguridade e distanciamento social vixente na data da función.

Na presente edición da MITCFC debido á redución de aforo, non se ofertan abonos para todos os espectáculos.

Seguindo a normativa vixente, o acceso aos espectáculos programados durante a MITCFC nas rúas e prazas terá un aforo limitado, polo que será necesario a retirada da entrada previamente ao comezo da función.

1. VENDA ANTICIPADA SEN GASTOS DE XESTIÓN

Do 24 de xuño ata 15 minutos antes do inicio do espectáculo. Agás o espectáculo do domingo 12 de xullo, que rematará a venda ás 18:30 horas.

ataquilla.com

Tel.: 902 504 500

2. VENDA NO DESPACHO DE BILLETES DO AUDITORIO

ESPECTÁCULOS DO AUDITORIO

Dúas horas antes do comezo de cada función. De 20:30h a 22:30h.

Póñense á venda as entradas sobrantes, se as houbera, da venda anticipada.

ESPECTÁCULOS DE RÚA E SALA DE EXPOSICIÓNS

O mesmo día da función de 19:30h a 20:30h.

(Agás o espectáculo do domingo 12 de xullo, por ser o auditorio colexio electoral realizarase a venda de entradas físicas na Casa da Xuventude no mesmo horario).

Póñense á venda as entradas sobrantes, se as houbera, da venda anticipada.

3. PREZOS

Todos os espectáculos programados no auditorio desde o venres 10 de ao sábado 18 de xullo no horario de 22:30h terán un prezo de 8€.

O espectáculo programado na sala de exposicións terá un prezo de 5€

Os espectáculos programados nas rúas e prazas terán un valor simbólico de 1€, e será preciso dispoñer da entrada con anterioridade ao comezo da función.

4. A ADQUISICIÓN DE ENTRADAS SIGNIFICA A ACEPTACIÓN DESTAS CONDICIÓN

O organizador non garante a autenticidade das entradas non adquiridas nos puntos de venda oficiais polo que, neste caso, declínase toda a responsabilidade e non se permite o acceso ao recinto a todo portador dunha entrada enmendada, rota ou con indicios de falsificación.

Non se admiten cambios ou devolucións.

Prégase máxima puntualidade. É potestade da organización permitir ou non a entrada ao recinto unha vez comezado o espectáculo.

Resérvase o dereito de admisión.

Quedan reservados todos os dereitos de imaxe e propiedade intelectual do espectáculo, non podendo o portador da entrada introducir cámaras fotográficas, de vídeo ou grabadoras, nin filmar ou gravar o espectáculo sen autorización do organizador.

Prégase desconectar calquera tipo de aparello electrónico e silenciar as alarmas dos reloxos e os teléfonos móbiles.

É obrigatorio o uso de mascarilla en todos os espazos do auditorio que o esixa a normativa en seguridade e distanciamento social vixente na data da función.

A MITCFC seguirá os protocolos de actuación que marquen as autoridades sanitarias competentes.

XXXVII MOSTRA

Abrimos esta edición para sentir o latexo do público. Das nenas e nenos, das familias, das persoas maiores, das que viviron soas o desastre da pandemia, das xentes de Cangas, do Morrazo, de Galicia, de calquera rincón da terra que se acheguen a esta vila acolledora, festiva e de luz, de mar e de area, a esta vila que leva no sangue o BECHO DO TEATRO.

Abrimos esta edición co corazón posto nas xentes do teatro. Amor eterno e gratitude por ser un exemplo de solidariedade, polo seu encomiable labor de servizo público. Xogaron un papel extraordinario e xeneroso durante o confín, agasallándonos con textos, teatro infantil, xogos e contos, óperas, espectáculos on line... Entraron nas nosas casas, entretiveron ás nosas nenas e nenos, ao conxunto da sociedade, fixeron moito máis agradable a nosa vida confinada e non recibiron aplausos. Artistas que viven en constante intermitencia, que non teñen nin terán un salario mensual que tranquilice as súas vidas. Cómicas e cómicos que, ao igual que o público, levan no seu ADN o becho do teatro, recibirán agora o merecido aplauso.

Abrimos as portas e o corazón de Cangas ao teatro, esa arte viva, única, onde artistas e público respiran ao unísono, creando un único corpo, un só corazón.

Benvidas e benvidos! A Mostra vai comezar!



MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS

#TEATRO NO AUDITORIO

VENRES, 10 XULLO 22:30H.

NAPOLEÃO OU O COMPLEXO DE ÉPICO

CHAPITÔ. COPRODUCE MITCFC

LUNS, 13 XULLO 22:30H.

GUERRA DE IDENTIDADE

DEUVE

MARTES, 14 XULLO 22:30H.

LIBERTO

REBORDELOS

MÉRCORES, 15 XULLO 22:30H.

PYKA

CINEMA STICADO

XOVES, 16 XULLO 22:30H.

DÚAS DONAS QUE BAILAN

TEATRO DO ATLÁNTICO

VENRES, 17 XULLO 22:30H.

THE PRIMITALS

YLLANA & PRIMITAL BROTHERS

SÁBADO, 18 XULLO 22:30H.

AS VIRXES SALVAXES

TEATRO DO NOROESTE



NAPOLEÃO OU O COMPLEXO DE ÉPICO

CHAPITÔ, PORTUGAL · COPRODUCE MITCFC · VENRES, 10 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL · ESTREA EN ESPAÑA

A Compañía do Chapatô créase no ano 1996. Emprega, sempre, a comedia polo seu poder para cuestionar todos os aspectos da realidade física e social. Dende a súa fundación, crea espectáculos multidisciplinares baseados no traballo físico do actor e nun proceso colectivo.

Moito se dixo e dirase sobre Napoleón Bonaparte, tócalle ao público xulgar ou celebrar a figura histórica, o home que foi Napoleón. A nós quédanos a tarefa de contar, buscando con humor e poesía, os reversos da historia. Porque todas as moedas teñen dous lados: cara ou cruz.

Destinado a: Público adulto

Duración: 75'

Dirección: José Carlos García

Autoría: Creación colectiva

Posta en escena: Cláudia Nóvoa e José C. Garcia

Dramaturxia: Ramón de Los Santos

Interpretación: Jorge Cruz, Susana Nunes e Tiago Viegas

Dirección de Producción: Tânia Melo Rodrigues

Deseño de Son: Sílvio Rosado

Vestiario: Cláudia Nóvoa e Glória Mendes

Deseño de Luz: José C. Garcia e Saturnino Rodrigues

Deseño Gráfico: Sílvio Rosado

Fotografía: Frank Saalfeld

Divulgación: Cristina Carvalho

Motion Design: Sofia Serrazina

Vídeo Spot: Joana Domingues e Bruno Gascon

Distribución: César Arias MARMORE



GUERRA DE IDENTIDADE

DEUVE, GALICIA · LUNS, 13 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL

GUERRA DE IDENTIDADE é o primeiro espectáculo da compañía DeuVe, unha compañía nada para facer proxectos persoais e emocionantes.

Obsesionada coa figura ausente e controvertida do pai, xogador de elite e militar na guerra de Iugoslavia, unha muller 1/2 galega, 1/2 croata narra a viaxe para coñecer a súa familia. Unha historia de amor entre o dramático e o cómico, o testemuño e a imaxinación e a memoria persoal e a colectiva.

Destinado a: Público adulto

Duración: 70'

Dirección: Avelino González

Autoría: Déborah Vukušić

Interpretación: Déborah Vukušić

Iluminación: Salvador del Río

Vestuario: Jandro Villa

Producción: Arantxa Treus

Deseño cartaz: www.theco.es

Libro:

Guerra de identidade "Me llamo Déborah Vukusic" (Baile del Sol, Tenerife, 2008; 2ª ed. ampliada: "Cuaderno de batallas", 2009).

Guerra de identidade (Editorial Delirio, Salamanca, 2019). Edición ampliada: "El vuelo del pájaro enjaulado".



LIBERTO

REBORDELOS, GALICIA · MARTES, 14 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL

Móvenos a necesidade de explorar as voces infrarrepresentadas do relato co afán de expresarnos e comprendernos. Dende a compañía estamos certas de que a arte é un encontro entre creadoras e público para acertar nas preguntas axeitadas que desbrocen ese camiño.

Dende unha sala de espera, dúas actrices acompañadas de música en directo interpelan directamente ao público reivindicando o imperfecto, o humano, e axudándonos a comprender que a propia morte é parte da vida.

Destinado a: Público adulto

Duración: 80'

Dirección: Tamara Canosa

Autoría: Gemma Brió

Elenco: Rocío González, Cris Iglesias e Lucía Aldao

Tradución: Tamara Canosa e María Vázquez

Produción executiva: Luisa Romeo

Música orixinal: Lucía Aldao

Asesoramento coreográfico: Rut Balbís

Espazo sonoro: Jas Processor

Espazo escénico, iluminación e xefatura técnica en xira: JM Faro "Coti"

Produción en ensaios e axudantía dirección: Cris Dieste

Auxiliar produción en preproducción: Carla López

Grafismo e vídeo en desenvolvemento: Lucía Estévez

Asesoría desenvolvemento: Juan Carlos Corredoira

Proxecto pedagóxico: Laura Campos

Grafismo: Alba Sáenz de la Cuesta

Finalista PREMIOS MAX Mellor autoría revelación. PREMIO BUTACA Mellor texto teatral. Espectáculo finalista en sete categorías Premios María Casares: Mellor Actriz Protagonista e Actriz Secundaria. Mellor Espectáculo, Música Orixinal, Iluminación, Traducción/Adaptación e Dirección.



PYKA

CINEMA STICADO, GALICIA · MÉRCORES, 15 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL · ESTREA ABSOLUTA

Cinema Sticado é unha compañía galega que dende os seus inicios combina o cine en vivo co teatro visual e de obxectos. Os seus espectáculos, cargados dunha poética moi persoal, poñen sobre o tapete xogos de adultos a través de maquetas, sombras, obxectos e monicreques que falan e cuestionan o mundo.

PYKA é a historia e o remake dunha película. O punto de partida é un relato familiar de Helena Varela que sitúa a súa avoa Gelines como única testemuña dunha película perdida do director de cine Einseistein, en colaboración con Olga Lebédev, e da cal só queda un documento sonoro e o seu título: PYKA

Destinado a: Público adulto
Duración: 90'

Dirección: Xosel Díez e Helena Varela
Autoría: Xosel Díez e Julio Fer
Manipulación: Helena Varela e Xosel Díez

Escenografía: Xosel Díez
Títeres: Xabi Varela
Música orixinal: Brais González
Iluminación: Julio Fer & Xosel Díez
Vestuario: Helena Varela
Piano: Brais González
Piano: Blas Castañer
Violín: Raquel Fernández



DÚAS DONAS QUE BAILAN

TEATRO DO ATLÁNTICO, GALICIA · XOVES, 16 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL

Compañía creada en 1985, con 35 producións realizadas até o momento, xiras por todo o territorio do estado español e Festivais Internacionais en Portugal, Venezuela, Uruguai e Arxentina, con representacións realizadas sempre en lingua galega. Premio da Crítica de Galicia 2016 en Artes Escénicas

DÚAS DONAS QUE BAILAN explica a relación case accidental entre dúas mulleres de idades distintas, madurez e vellez. Ás veces son testanas, ás veces irritantes, ás veces ridículas, ás veces estúpidas. A relación rematará de maneira inesperada. Deciden bailar ao seu ritmo, ao que marcan elas mesmas.

Destinado a: Público adulto

Duración: 80'

Dirección: Xulio Lago

Autoría: Josep María Benet i Jornet

Intérpretes: María Barcala e María Ángeles Iglesias

Vestuario: Susa Porto

Escenografía: Antonio Fco. Simón

Axte.Dirección e Selección musical: Esther Carrodegas

Intérpretes: María Barcala e María Ángeles Iglesias

Iluminación: Xulio Lago



THE PRIMITALS

YLLANA & PRIMITAL BROTHERS, MADRID · VENRES, 17 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL · ESTREA EN GALICIA

Yllana é unha das compañías españolas con maior traxectoria no ámbito do teatro de humor xestual. Actualmente abarca dende a creación e produción dos seus propios espectáculos até a distribución, a dirección artística ou a xestión de espazos teatrais.

Catro aboríxes dun planeta que podería ser o noso, reclaman o escenario dispostos a seducirnos, a gargalladas ou machetazos, coa música dos mil xéneros que absorberon nas súas viaxes polos confíns do espazo tempo. Chamanismo a catro voces. Traxicomedia a capela. Isto e moito máis, é The Primitives.

Destinado a: Público familiar

Duración: 90'

Dirección: Joe O'Curneen

Idea orixinal: Yllana e Primal Brothers

Intérpretes: Iñigo García Sánchez, Pedro Herrero, Adri Soto e Manu Pilas

Dirección musical e arranxos: Santi Ibarretxe

Deseño de iluminación: Roberta Guarino

Deseño de vestiario: Tatiana de Sarabia

Realización trono Arte y Ficción

Asesor de maxia: Willy Monro

Deseño gráfico: Daniel Vilaplana

Dirección de produción: Mabel Caínzos

Comunicación: Rosa Arroyo, Esther Pascual e M^a Crespo

Técnicos: Roberta Guarino, Nacho Arjonilla, Alberto Fernández e Mario Páramo

Axudante de creación musical: Manu Pilas

Deseño de son: Alberto Fernández

Deseño de maquillaxe: África de la Llave

Atrezzo: Fernando Santos-Nasel

Coreógrafo: Carlos Chamorro

Foto: Julio Moya

Axudantes de produción: Isabel Sánchez e Fran Álvarez

Loxística: Mónica González e Patricia Caínzos

Premio do público ao Mellor Espectáculo Musical do Festival Off de Avignon (Francia).2019

#TEATRO NO AUDITORIO 11



AS VIRXES SALVAXES

TEATRO DO NOROESTE, GALICIA · SÁBADO, 18 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL

Compañía creada por Luma Gómez e Eduardo Alonso, profesionais cunha dilatada experiencia teatral, acaba de festexar o seu 30 aniversario no 2017. En estes anos ten producido montaxes de textos clásicos e de autores contemporáneos, básicamente galegos. Tamén realizou montaxes de textos infantís.

As virxes salvaxes é unha comedia sobre a absurda pero necesaria situación de recluír aos nosos maiores en institucións que os atendan e coiden. De algún xeito, este espectáculo é unha homenaxe, se cadra un algo irreverente, aos nosos maiores máis revoltosos.

Destinado a: Público adulto

Duración: 75'

Dirección: Eduardo Alonso

Autoría: Eduardo Alonso

REPARTO

Maruxa: Elina Luaces

Lourdes: Luma Gómez

Carmiña: Rosa Álvarez

Doutora: Imma Antón

Adela: Ana Santos

Filla: Manuela Varela

Saturio: Miguel Pernas

Bernardo: Fernando González

Deseño de escenografía: Equipo Taetro

Deseño de vestuario: Equipo Taetro

Deseño gráfico: Eva Alonso

Realización escenografía: Chiripa Producións

Fotografía: César Seijas

Servizo técnico: R.T.A.

Deseño de iluminación: Eduardo Alonso

Selección musical: Fernando Alonso

Maquillaxe: Equipo Taetro

Realización vestuario: Equipo Taetro

Gravación vídeo: Chiripa Producións

Produción: Eva Alonso

#TEATRO NA RÚA

XOVES, 09 XULLO 21:00H. NAVES DE OJEA

COMEDIA

CONTRAPRODUCCIÓN

VENRES, 10 XULLO 21:00H. NAVES DE OJEA

DOLCE SALATO

CIRCO CARPA DIEM

SÁBADO, 11 XULLO 21:00H. NAVES DE OJEA

TONBOLA

HIKA TEATROA

SÁBADO, 11 XULLO 22:00H. CRUCEIRO DO HÍO

CIRCO DE LUME

ASACOCIRCO

DOMINGO, 12 XULLO 21:00H. NAVES DE OJEA

PUNTO Y COMA

EL CRUCE

LUNS 13 E MARTES 14 XULLO 21:00H. NAVES DE OJEA

HELL BROTHERS

CIRKOMPACTO. COPRODUCE MITCFC

MÉRCORES, 15 XULLO 21:00H. NAVES DE OJEA

SÓ

XAMPATITO PATO



COMMEDIA

CONTRAPRODUCCIÓN, GALICIA

XOVES, 09 XULLO 21:00 · NAVES DE OJEA

Contraproduccións é unha empresa galega dedicada á creación e distribución de espectáculos escénicos, conducida por Cándido Pazó, autor e director teatral, e Belén Pichel, xefa de produción.

Cunha vocación teatral de signo aberto, intención crítica e relación fresca e directa co público.

Arlecchino atopa unha carta de amor no mandil da súa muller que cre dirixida a ela e que o engana. Desesperado, quere matarse pero unha voz misteriosa o detén e lle dá un anel máxico que fai perder a memoria a quen o pon. Arlecchino esquece todo, o primeiro, as convencións sociais.

Destinado a: Público adulto

Duración: 90'

Dirección e autoría: Cándido Pazó

Actores e actrices: Victor Mosqueira, Marcos Orsi, Avelino González, Nuria Sanz, César Goldi, Sergio Zearreta

Escenografía e vestuario: Suso Montero

Iluminación: Afonso Castro

Dirección musical: Fernando Reyes

Axudante de produción: Lilian Portela

Xefa de produción: Belén Pichel



DOLCE SALATO

CIRCO CARPA DIEM, ITALIA

VENRES, 10 XULLO 21:00 · NAVES DE OJEA · ESTREA EN GALICIA

Luca e Ina coñecéronse nun proxecto de circo social en Quenia. Comparten a paixón polo circo e a súa pedagogía. Formáronse xuntos na Escola Circo "Carampa" de Madrid e na Escola de Circo "Flic" de Italia, especializándose en portes acrobáticos, mástro chinés e monociclo.

Unha parella de panadeiros, un libro de receitas e diverxencias na cociña.

O seu enérxico ritmo vains levar a un ambiente familiar e pouco usual, onde os ingredientes, coidadosamente seleccionados e amasados de forma excéntrica, crearán un pan succulento.

Buon appetito!

Destinado a: Público familiar

Duración: 40'

Dirección e autoría: Luca Sartor e Katharina Grüner

Interpretes: Luca Sartor e Katharina Grüner



TONBOLA

HIKA TEATROA, EUSKADI · SÁBADO, 11 XULLO 21:00 · NAVES DE OJEA · ESTREA EN GALICIA

Os espectáculos de HIKA teñen un marcado carácter social e sempre intentan poñer ao público en constante conflito consigo mesmo. HIKA é busca continua e renovación de retos artísticos. Incorpora danza e música, tratando de mesturarse, e de asegurar a contemporaneidade das súas producións.

Peripecias dunha familia de "tonboleiros" e a súa cabra extranxeira para sobrevivir en EUROPA. Sorteando de todo: contratos para traballar na aceituna, máscaras de cara, pateras "Made in Libia", convites a Eurovisión... "Non nos importa quen es nin que che gustaría ser". ¡TONBOLA decidirá por ti!.

Destinado a: Público adulto

Duración: 55'

Dirección: Agurtzane Intxaurreaga

Autoría: Creación a partir das improvisacións dos actores e dramaturxia de Agurtzane Intxaurreaga

Textos: Benjamín Jiménez, Agurtzane Intxaurreaga

Elenco artístico: Eneko Gil, Miren Gojenola, Iñigo Aranburu/Jon Ander Alonso, Sandra Fdez. Agirre/Maryse Urruty

Colaboración especial: Ellach Elhadi, Trekya Ment Gremich, Héctor González Moreno, Roberto Tananta Awanari, Nacer Eddine Bounezra, Ninetu Embarec Lehib

Axudante de dirección: Jon Ander Alonso

Música: Iñaki Diegez (músicas orixinais), Bill Martin & Phil Coulter, María José de Ceratto & Aniano Alcalde, Toni Ten & Xasqui

Ten, Manuel de la Calva & Ramón Arcusa

Coreografía: Eneko Gil

Bonecos: Urko Redondo Pescador

Deseño gráfico: Santos Bregaña

Equipo técnico: Eraginstac

Administración: Asun Etxeberría

Distribución: HIKA Teatroa (Agurtzane Intxaurreaga e Teresa Sala)

Deseño e realización de vestiario: Nahia Salaberria

Deseño e construción escenografía: Oscar de Paz

Fotografía: HIKA Teatroa

Videos promocionais: Acrónica Producciones e Pausa Digital

Comunicación: Teresa Sala



CIRCO DE LUME

ASACOCIRCO, GALICIA-BRASIL

SÁBADO, 11 XULLO 22:00 · CRUCEIRO DO HÍO

Asacocirco, compañía galego-brasileira, transforma calquera espazo nun pequeno picadero de Novo Circo, onde a risa, o risco e a espectacularidade están garantidas en todas as súas actuacións. O estilo de humor destes artistas non ten fronteiras e cativa a público de todas as idades.

"Circo de lume" é un espectáculo de pura acción. Consta de emocionantes números, que mesturan técnicas de danza con malabarismos, manipulación, pirofagia, humor e trato directo co público.

Espectáculo de efectos visuais impresionantes!

Destinado a: Público familiar

Duración: 45'

Idea orixinal: Asacocirco

Dirección: Asacocirco

Elenco: Miriam Crespo e João Alvim

Escenografía e estruturas: João Alvim

Atrezzo: Producción de Got Talent Portugal

Fotos: Francisco Javier García Gil, Ana Nieto e Belen

Dominguez

Videos: Deica Audiovisuales



PUNTO Y COMA

EL CRUCE, ITALIA-CANTABRIA

DOMINGO, 12 XULLO 21:00 · NAVES DE OJEA · ESTREA EN GALICIA

El Cruce é unha fusión de circo contemporáneo, teatro físico e música que explora as fronteiras da expresión física e xestual cunha poética única e un xogo sutil entre a tensión do fráxil e o misterio, o suspense e a sorpresa intrínseca nos medos, desexos e relacións humanas.

Punto e Coma non están. O seu mundo non existe. E si vostede pode velos é unha persoa privilexiada. Coexisten nun fragmento esquecido entre tempo e espazo, un lugar onde as imaxes bailan, a fragilidade treme e os obxectos collen vida nun mundo único, máxico e perigosamente próximo.

Destinado a: Público adulto

Duración: 50'

Intérpretes: Nicoletta Battaglia e Rubén Río

Idea orixinal e dirección: Rubén Río

Mirada externa: Leandre Ribera

Co apoio de: Centre civíc de Sant Martí (Barcelona) e Caf  de las Artes Teatro (Santander).

Fotografía: Luis Montero

Agradecementos: Laurie Chevallier, Alice Ruest e Bolivia Now



HELL BROTHERS

CIRKOMPACTO, GALICIA. COPRODUCE MITGFC
LUNS, 13 E MARTES, 14 XULLO 21:00 · NAVES DE OJEA · ESTREA ABSOLUTA

Cirkompacto é a unión creativa de Iván Casanova e Malala Ricoy. Unha compañía de recente creación que, nacida baixo a premisa da importancia que o circo e as artes escénicas poden ter e tiveron na educación social, pretende cargar con contido todos os seus espectáculos.

Rejhuz e Glakghs Setén son fillos de Satanás. Seu pai decide botalos do inferno para que aprendan a gañar o mal por si mesmos. Rejhuz, o maior, é un ególatra que chega á terra disposto a dominar a humanidade pero... que van atopar? Son estes dous pobres diaños tan malos como presumen?

Destinado a: Público xuvenil
Duración: 45'

Dirección: Walter Velázquez
Elenco: Iván Casanova e Malala Ricoy
Escenografía: Iván Casanova
Vestiario: Anahí Taraburelli
Mirada Externa Slapstick: Jorge Méndez



SÓ

XAMPATITO PATO, GALICIA
MÉRCORES, 15 XULLO 21:00 · NAVES DE OJEA

Jesús Velasco fórmase en Circonove e na escola de Circo Carampa. Crea a cía Pass & Company e traballa en outras de ámbito nacional e internacional. En Galicia, funda Xanpatito Pato e crea o espectáculo "SÓ.", un traballo minucioso co que recibiu numerosos e destacados premios.

Un personaxe obsesivo, cuadrículado e meticuloso. Único na súa especie, rodeado dun sen fin de caixas que escapan ó seu control, xoga para dar forma ó seu mundo.

Do caos xurde un universo delirante onde inventa a risa, crea unha tolemia cómica e transfórmase nun novo ser cunha nova figura.

Destinado a: Público familiar
Duración: 50'

Reparto: Jesús Velasco Otero
Dirección: Arturo Cobas e Jesús Velasco
Vestiario: Alicia Tojo
Escenografía: Cruz Velasco Pajares e Jesús Velasco
Fotografía: Leticia Mariño Vázquez
Deseño gráfico: Brer Ballesteros
Gravación e edición de vídeo: Malala Ricoy
Diseño de iluminación: Flavia Mayans de la Morena

#ESPAZOS ALTERNATIVOS

MARTES, 14 XULLO 19:30H. SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO MUNICIPAL


IV TORNEO DE DRAMATURXIA DE GALICIA

MITCFC, DRAMATRURGA E CDG

VENRES, 17 E SÁBADO, 18 XULLO 20:30H. SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

AS BOAS ACTRICES

3. COPRODUCE MITCFC



IV TORNEO DE DRAMATURXIA DE GALICIA

MITCFC, DRAMATURGA E CDG, GALICIA · ESTREA ABSOLUTA
MARTES, 14 XULLO 19:30 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

O IV Torneo de Dramaturxia de Galicia consolídase como unha aposta firme da MITCFC para dar a coñecer a nosa dramaturxia, creando un nexo directo entre autoras/es e público. Este proxecto, pioneiro en Galicia, conta coa imprescindible colaboración de DramaturGA, a primeira asociación profesional da dramaturxia galega.

Unha mestra de cerimonia única presentará este furioso combate no que catro recoñecidas dramaturGAS e dramaturGOS de Galicia bátense na procura do voto do público. As armas a usar? Retruques da palabra, ideas, ritmos, conflitos, sorpresas, accións, silencios.

O público asistirá a catro lecturas dramatizadas, interpretadas por actrices e actores profesionais de recoñecido prestixio, e será o propio público quen vote os textos que máis lles teñan gustado para que, de entre as catro pezas participantes, resulte unha soa a gañadora. Un espectáculo teatral, divertido e único que se verá avivado pola participación activa do público.

Mestra de Cerimonias: Esther F. Carrodeguas.
DramaturGOS: Marta Pérez, Fernando Castro Paredes, Roberto Salgueiro González e María Lado.

AS BOAS ACTRICES

3. COPRODUCE MITCFC, GALICIA · ESTREA ABSOLUTA
VENRES 17 E SÁBADO 18 XULLO 20:30 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO

3 é o nome elixido para concentrar a comunicación artística entre unha dramaturga, Clara Gayo, e dúas actrices, Mónica Camaño e Arantza Villar. Unha plataforma de soporte para realizar experiencias dramaturxas con concreción actoral, levar a escrita teatral ao pé do escenario.

"As Boas Actrices" é unha experiencia dramaturxica ao límite entre a lectura a improvisación e a interpretación. As intérpretes non saben se son meros instrumentos ao servizo do discurso da autora ou se están sendo vítimas dunha "improvisación sincronizada".

Dirección e Dramaturxia: Clara Gayo
Interpretación: Mónica Camaño e Arantza Villar
Produción: Zé Paredes

XX XORNADAS MULLERES EN ACCIÓN

Difícil celebrar estes 20 anos nun contexto de pandemia que, sabemos, vai deixar atrás a moita xente, moi especialmente ás mulleres.

20 anos, en medio dunha pandemia brutal que xa afecta negativamente ao conxunto das mulleres, ás traballadoras da cultura, tamén. Porque todas, escritoras, labregas, actrices, kellys, mestras, caixeiras, cineastas, mariscadoras, xornalistas, sanitarias ou cociñeiras, SOMOS COIDADORAS. Coidadoras a perpetuidade, cargamos ás nosas costas coa pesada mochila das tarefas domésticas. A conciliación non chegou ás nosas vidas e temos moitas papeletas para quedar relegadas de volta na “nova normalidade”. No confinamento e co teletraballo, as mulleres viron interrompidas as súas xornadas laborais con moita máis frecuencia que os homes. A razón sabémola todas.

A pesar de que as mulleres facemos os traballos máis precarios, de baixa remuneración e a tempo parcial, a destrución de emprego vains afectar nunha porcentaxe moito máis alta que aos homes. A fenda laboral aberta contra nós vai crecer e pode sacarnos do mercado laboral. Pola experiencia das anteriores crises sabemos que as mulleres tardaremos máis en volver incorporarnos ao mercado laboral.

Ese dito de que “Elas traballan, Eles lideran” podémolo aplicar a moitos sectores pero moi especialmente ao sanitario que aínda contando cunha porcentaxe de mulleres do 70%, a fenda salarial é unha realidade incontestable e a toma de decisións segue nas mans dos homes. Logo si: ELAS TRABALLAN, ELES LIDERAN.

20 anos despois, estamos onde estamos, vendo como os nosos dereitos poden retroceder, mesmo chegan a acusar ás movilizacións de mulleres de expandir males. En fin...

A axenda de xénero prevista para os próximos anos vaise debilitar e en Mulleres en Acción apostamos por esixir, como mínimo, que se aplique a perspectiva de xénero ás medidas sociais e económicas que os nosos gobernos tomen para paliar esta crise, porque as que xa se tomaron, lamentablemente, carecen do imprescindible enfoque de xénero.

Celebraremos 20 anos de sororidade, de traballo constante e feliz a prol das mulleres, da igualdade, da paridade, da xustiza social a través da ideoloxía feminista, cunha equipaxe composta por todas las mulleres extraordinarias que nos acompañaron.

Non nos deixemos arrebatat o que tanto nos levou ACADAR. BENVIDAS a esta XX/20 edición.

VENRES, 03 XULLO 20:00H. VESTÍBULO AUDITORIO MUNICIPAL DO 03 AO 18 DE XULLO

LUZ BELOSO

EXPOSICIÓN

MÉRCORES, 08 XULLO 17:00H. SALA DE EXPOSICIÓN AUDITORIO MUNICIPAL

TEMPO AO TEMPO

OBRADOIRO DESTINADO A ASOCIADAS DE ADICAM

SÁBADO, 11 XULLO 11:30H. SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS

FENDA LABORAL DAS PROFESIONAIS DAS ARTES ESCÉNICAS E AUDIOVISUAIS: ANTES E DESPOIS DA PANDEMIA

COLOQUIO

SÁBADO, 11 XULLO 18:30H. SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS

“IRMANDIÑAS” E “CÓMPlices. A VIOLENCIA MACHISTA INSTITUCIONAL”

PRESENTACIÓN LIBROS

SÁBADO, 18 XULLO 22:30H. AUDITORIO MUNICIPAL

PREMIO MULLERES EN ACCIÓN 2020

A MERCEDES OLIVEIRA MALVAR (CHIS)



LUZ BELOSO

EXPOSICIÓN

VENRES, 03 XULLO 20:00 · VESTÍBULO AUDITORIO DO 03 AO 18 DE XULLO

Luz Beloso, a autora do cartel da XXXVII MITCFC, é Licenciada en Belas Artes, especialidade de pintura, na Universidade de Salamanca, exerceu de profesora de Educación Plástica e Audiovisual en Galicia desde 1993 no IES As Barxas de Moaña e desde 2019 como profesora de Artes no IES María Soliño de Cangas.

Como pintora e ilustradora, participou en numerosas exposicións nacionais e internacionais e publicacións editoriais, polas que resultou premiada en múltiples ocasións.

Autoría: Luz Beloso
Comisariado: Diego Seixo

PRESENTAN

Isabel Blanco, escritora
Iria collazo, escritora
Miguel Anxo Alonso Diz, escritor



TEMPO AO TEMPO

MÓNICA CAMAÑO. OBRADOIRO DESTINADO AASOCIADAS DE ADICAM

MÉRCORES, 08 XULLO 17:00 · SALA DE EXPOSICIÓN AUDITORIO MUNICIPAL


Cantas non sentimos nalgún momento que o mundo, o tempo, ficaba parado? Ficabamos nós varadas, aboiadas... porque o tempo corría alén do propio respirar facendo máis evidente a nosa quebra vital.

Agora que o mundo todo ficou varado, vimos como a vida ía e o tempo andaba con outro tempo. Mesmo parecera que a corda para termalo estaba da man de todas.

Por iso temos azos para xogar o tempo. E como xa sabemos que tempo temos, imos levalo a favor: habemos de falalo, bailalo e cantalo. Donas do tempo non seremos, pero imos gozalo. Tempo ao tempo!

Mónica Camaño é Licenciada en Filoloxía Galego-portuguesa na USC, nese tempo comeza a traballar como actriz profesional en diversas compañías de teatro, así como en cine e TV, recibindo no 2008 o Premio María Casares á mellor interpretación secundaria por Emigrados de Teatro de Ningures, no 2013 o Premio de interpretación teatral Maruxa Villanueva, e no 2017 o Xoglar de Outono do FIOT de Carballo.

Ao tempo, desenvolve obradoiros de expresión dramática con crianzas e adultos, así como a dirección con grupos amadores de teatro.



FENDA LABORAL DAS PROFESIONAIS DAS ARTES ESCÉNICAS E AUDIOVISUAIS: ANTES E DESPOIS DA PANDEMIA

SÁBADO, 11 XULLO 11:30 · SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS

Esta mesa de traballo centrarase en estudar medidas que axuden a cambiar a inxusta realidade que viven as profesionais do sector, agravada seriamente pola pandemia da Covid 19.

INTERVEÑEN

D^a Belén Pichél. Produtora. Escena Galega.

D^a Tamara Canosa, actriz e directora.

D^a Laura Míguez. Actriz. Comisión Igualdade Asociación de Actrices Actores e de Galicia.

D^a Eva Fórneas. Actriz. Comisión Igualdade Asociación Actrices e Actores de Galicia

D^a Saamira Ganay. Actriz. Membro da Xunta Directiva da Academia Galega do Audiovisual.

D^a Berta Ojea. Actriz. Secretaria Igualdade Unión Actrices e Actores. Membro do Consello Estatal das Artes Escénicas e da Música e do Consello Artístico de Teatro do INAEM. Colaboradora de UN Woman.

Responsable da ponencia de igualdade do Estatuto dos Artistas.

MODERA

D^a María Armesto. Dramaturga. Directora Artística MITCFC e Mulleres en Acción.

IRMANDIÑAS

AURORA MARCO, GALICIA. PRESENTACIÓN LIBRO

SÁBADO, 11 XULLO 18:30 · SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS

Escritora. Catedrática xubilada de Didáctica da Lingua e a Literatura Galega da USC. Autora de numerosa obra, nos últimos trinta anos centrouse na recuperación e visibilización das mulleres galegas: *As Precursoras* (1993); *Mulleres e educación en Galiza* (2002); *Dicionario de mulleres galegas* (2007); *Mulleres na guerrilla antifranquista galega* (2011); *Teresa Alvajar López. Memorias dunha republicana* (edit.) (2012); *Elas* (2015) ou *o que aquí presentamos, Irmandiñas* (2020).

Malia os tímidos avances que se produciron nas primeiras décadas do século XX, non foi nada doado para as mulleres a incorporación aos espazos públicos. As irmandiñas non foron unha excepción e a súa proxección pública foi abondo limitada se a comparamos coa dos compañeiros, mais o seu compromiso e actividades non foron en absoluto irrelevantes. Quer no activismo inicial tras o nacemento das Irmandades, quer nos coros e agrupacións teatrais, na actividade intelectual no Seminario de Estudos Galegos, no desenvolvemento editorial galego, na actividade política, no espallamento do ideal galeguista e republicano, na defensa da lingua, na escrita... Alí estaban as mulleres galegas cuxas traxectorias se recollen neste libro, para tentar cubrir un inxusto baleiro.

Cómplices

A violencia machista institucional

Coordinación

Iria Vázquez Silva



CÓMPLICES. A VIOLENCIA MACHISTA INSTITUCIONAL

IRIA VÁZQUEZ SILVA E LOLA FERREIRO DÍAZ, GALICIA. PRESENTACIÓN LIBRO
SÁBADO, 11 XULLO 19:15 · SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS

IRIA VÁZQUEZ SILVA

Doutora en Socioloxía pola Universidade da Coruña e especialista en Estudos de Xénero pola Universitat Autònoma de Barcelona (2006) e pola Universidade de Vigo (2008). Investigadora no eido da socioloxía de xénero e das migracións. Profesora interina de socioloxía na Universidade de Vigo e integrante do Grupo de Estudos Territoriais da Universidade da Coruña. Coordinou con Laura Rodríguez Salgado, o libro Muller inmigrante, lingua e sociedade (2017)

LOLA FERREIRO DÍAZ

Feminista desde a adolescencia. Médica desde uns anos máis tarde. Experta en Saúde e Xénero, atención a mulleres en situación de violencia machista e mulleres que traballan con outras mulleres. Membro do grupo T, de investigación e construción de teoría da Saúde Mental desde a perspectiva de Xénero.

Este traballo vén botar luz sobre un dos aspectos da(s) violencia(s) machista(s) menos estudado e tamén menos visíbel: a violencia que exerce o Estado a través das súas institucións sobre as mulleres que están en situación de violencia machista.

PREMIO MULLERES EN ACCIÓN 2020

A MERCEDES OLIVEIRA MALVAR (CHIS), GALICIA
SÁBADO, 18 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL

En recoñecemento ao seu extraordinario e pioneiro labor pedagóxico desenvolvido con adolescentes no eido da educación sexual e desde a perspectiva de xénero. Polo seu compromiso e discurso para axudar a “desaprender” a mala educación sexual recibida desde o berce. Un labor, ao noso entender, imprescindible que serve de guía e proporciona ferramentas pedagóxicas para, na adolescencia, poder rachar cunha educación afectivo sexual, patriarcal e casposa, que lles impide crecer como persoas libres do amor romántico e dunha imaxe hiper sexualizada e esteriotipada de si mesmas/os.

Mercedes Oliveira Malvar é unha das principais referencias no campo da educación sexual con perspectiva de xénero. Profesora de Filosofía no Instituto Alexandre Bóveda de Vigo, Galicia, doutorouse na Universidade de Santiago de Compostela en 1997 coa tese “Educación afectivo-sexual na adolescencia. Epistemoloxía e didáctica dunha proposta”. Esta investigación propón por primeira vez o que, o como e desde onde formular a educación sexual na adolescencia dun xeito sistemático, tarefa aínda pendente no sistema educativo. Actualmente coordina o comando Igualdade.

#MULLERES EN ACCIÓN 23

#EVENTOS

LUNS 13, MARTES 14 E XOVES 16, AO REMATE DOS ESPECTÁCULOS NO AUDITORIO MUNICIPAL

COLOQUIOS ENTRE PÚBLICO E ESCENA 2020

ERREGUETÉ

XOVES 09 E VENRES 10 DE XULLO 10:00H. SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

REINVENTAR A TRADICIÓN

PAULA CARBALLEIRA, OBRADOIRO

XOVES, 09 XULLO 21:00H. NAVES DE OJEA

PREGÓN INAUGURAL

PAULA CARBALLEIRA

XOVES, 09 XULLO 21:00H. NAVES DE OJEA

PREMIO XIRIA AO LABOR TEATRAL 2020

A QUICO CADAVAL

MÉRCORES, 15 XULLO 10:30H. SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS

II ENCONTRO TEATRO E EDUCACIÓN

ENCONTRO

MÉRCORES, 15 XULLO 16:30H. SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS

A NOVA REALIDADE

ENCONTRO TEATRO



COLOQUIOS ENTRE PÚBLICO E ESCENA

ERREGUETÉ, GALICIA

13, 14 E 16 DE XULLO · AUDITORIO MUNICIPAL

Por terceiro ano consecutivo, a erregueté - Revista Galega de Teatro en colaboración coa Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas presenta un ciclo de conversas coa creación galega que visita a Mostra en este 2020.

Coa vontade de reforzar as pontes entre público e escena, os encontros terán lugar despois de cada espectáculo.

LUNS 13 DE XULLO

Co equipo artístico de Guerra de identidade.

MARTES 14 DE XULLO

Co equipo artístico de Liberto

XOVES 16 DE XULLO

Co equipo artístico e Dúas donas que bailan

REINVENTAR A TRADICIÓN

PAULA CARBALLEIRA, OBRADOIRO

XOVES 09 E VENRES 10 XULLO 10:00 · SALA DE EXPOSICIÓN AUDITORIO

A estrutura e a simboloxía dos contos tradicionais poden converterse en boas aliadas das persoas que se adican á narración oral no século XXI, unha época onde se mira máis cara ao futuro que cara ao pasado. Pero como o tempo da ficción non responde aos mesmos parámetros que o tempo prisioneiro nos reloxos, descubramos cal é a tradición que reinventamos cando contamos historias, de onde vimos como narradoras, como narradores.

PAULA CARBALLEIRA

Con máis de 25 anos de experiencia profesional no teatro e na narración oral, foi convidada aos festivais e encontros internacionais máis importantes neste eido. Ademais, desde hai anos leva adiante un dos seminarios de formación en narración oral que organiza o Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo e formou parte nun par de ocasións do profesorado da Escola de Verán da AEDA (Asociación Española de profesionais da narración oral). É actriz e directora, tanto na compañía de teatro Berrobambán como noutras compañías en colaboracións puntuais, así como en distintos espazos e series de ficción da Televisión de Galicia. Como autora de literatura, leva máis de trinta libros publicados de narrativa, poesía e teatro.



PREGÓN INAUGURAL

PAULA CARBALLEIRA, GALICIA · XOVES, 09 XULLO 21:00 · NAVES DE OJEA

PAULA CARBALLEIRA CABANA (MANIÑOS- FENE, 1972)

Adícase profesionalmente ao teatro e á narración oral desde 1994. Foi convidada aos principais festivais de narración oral tanto nacionais como internacionais (Portugal, Brasil, Chile, Ecuador, Perú, Colombia, Cabo Verde, Argentina, Costa Rica, México...). Participou en diversos programas da TVG ("Viradeira", "O clan dos impostores", "Libro de familia", "Apaga a luz", "A noite en branco", "Pequeno Hotel", "O rei da comedia", "Rías Baixas", "Máxima Audiencia", "Contando estrelas", "Pepe o inglés") e ten colaborado en diferentes programas da Radio Galega ("Xamón,xamón", "A taberna da galega"). Membro da compañía teatral Berrobambán desde 1996, coa que coordinou a programación infantil ASTEROIDE B-612 que se desenvolveu na Sala Nasa de Santiago de Compostela e no Concello de Ferrol. Ademais dun traballo continuado en Berrobambán, traballa como actriz ou directora en propostas ocasionais doutras compañías. Por exemplo, dirixiu os espectáculos de Talía Teatro "Mundos contados", "Pequena" e "Rosa Caramelo e outras historias" ; dirixiu e interpretou a proposta do Centro Dramático Galego para público infantil: "A cabana de Babaigá" (estreada en marzo do 2006), e participou como actriz no espectáculo "Desde a sombra/Bufóns e Pallasos" da compañía Magrinyana.

Ademais, é autora de máis de trinta libros publicados e traducidos a diferentes idiomas: castelán, inglés, portugués, alemán, coreano, italiano, éuscaro, catalán..., algúns deles premiados: Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil en tres ocasións coas pezas: Boas Noites (obra finalista na categoría de teatro dos Premios da AELGA e nominada na categoría de Mellor Texto Orixinal nos María Casares), O Refugallo (obra finalista na categoría de teatro dos Premios da AELGA) e Somos os monstros (obra seleccionada pola revista CLIJ-Cuadernos de Literatura Infantil como un dos mellores libros publicados no 2019); Premio da Gala do Libro Galego na categoría infantil con A tartaruga Amodovou; Premio Frei Martín Sarmiento con A burra Ramona, Finalista Premio ASSITEJ de Textos Teatrales con Misterios; Premio Isaac Díaz Pardo e inclusión na Lista Internacional White Ravens con Smara; Premio Lecturas con Paco e Correo urxente, entre outros recoñecementos.

PREMIO XIRIA AO LABOR TEATRAL

A QUICO CADAVAL, GALICIA · XOVES, 09 XULLO 21:00 · NAVES DE OJEA

A organización da XXXVII MITCFC concede o Premio Xiria ao Labor Teatral ao autor, director, actor e narrador, Quico Cadaval, pola súa inesgotable creatividade, da que destaca a súa arte, única e xenial, na narración oral, capaz de conxugar o imaxinario colectivo galego co universal.

QUICO CADAVAL, 1960 É DE RIBEIRA

Formouse no colexio Bayón e tamén recibiu as ostias pertinentes no colexio Galaxia. Tentou montar Os Vello de Castelao aos 14 anos, con Manolo do Monte e Milagritos. Para logralo mercou na Sanyg, La construción del personaje, atribuído a Constantin Stanislavski. Iso retirouno do teatro até os 19. Nesa altura foi seducido polas adocicadas palabras do Chino e de Lourido, e meteuse no teatro, como un sacerdocio. Tardou anos en detectar o que o oficio tiña tamén de prostitución. Na mesma altura, estudaba historia e arte na vetusta universidade compostelá, interesándose sobre todo polo visíbel e narrativo e aborrecendo o hermético e simbólico. Deixou provisionalmente eses estudos até a actualidade. Foi empurrado para a dramaturxia polo mestre Xoán Cejudo, e por outros, que desconfiaban do seu talento actoral. Nos anos noventa descubriu que a súa doenza de falar era un oficio e reinventouse como narrador, descubriu o territorio libertario da Nasa e a Galán, acompañou o esplendor de Mofa e Befá e As Marías, formou parte dunha xeración que asombrou o mundo dos contos, como Candi e Paula, por citar só algúns, fundou a Internacional Melancólica con Colón, e fixo radio con Cea e Buceta, con Xurxo e Belén, co asombro de facer algo que non sabías que podías facer. Pensou que na lusofonía estaba o futuro, e descubriu que tamén estaba o pasado (Para cando o 17 de maio para Miguel Torga?) Despois veu o terceiro milenio e non pasou nada do que estaba previsto. Desde aquela pasaron 20 anos, subíronse uns cantos ou teiros e atrás non había nada novo, Fraga perdeu unhas eleccións, ter telefone celular converteuse en indicio de pobreza ou marxinação social, a poesía recuperou o seu lugar central na sociedade, veu unha crise económica e as bandas saquearon as rúas fumegantes, a pesar de honestos esforzos continuamos en españa, o amor prodigouse cantidades inesperadas... Tudo parece estar disposto para a derrota, mais a mocidade que chegou é mais talentosa, mais fermosa e folla mellor do que o fixemos nós no noso tempo.



II ENCONTRO TEATRO E EDUCACIÓN

MÉRCORES, 15 XULLO 10:30 · SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS

É evidente, mesmo que as autoridades educativas non o consideren nos seus plans de estudos, que o Teatro é unhas das ferramentas máis axeitadas para o desenvolvemento integral das persoas. A través da Dramatización e da práctica teatral ou parateatral o alumnado adquire hábitos de crecemento persoal e de socialización que inflúen positivamente en alicerzar a súa personalidade e a súa evolución presente e futura. Por iso, desde a MITCF, queremos insistir e afondar nas reflexións sobre Teatro e Educación, neste caso na Educación infantil e primaria, organizando este segundo encontro.

O TEATRO COMO FERRAMENTA PEDAGÓXICA NA EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

Mirian Fernández Méndez: Mestra de educación infantil.

Carmen Suárez: Mestra de educación primaria.

Marisa Núñez: Mestra de educación infantil, escritora de literatura infantil.

Silvia Costas: Mestra de educación infantil.

José Alfaro: Mestre de psicomotricidade infantil.

Xosé Manuel González "Oli": Mestre de educación primaria. Escritor.

MODERA

Rosa E. Gantes: Mestra de educación infantil e primaria. Actriz.

A NOVA REALIDADE

MÉRCORES, 15 XULLO 16:30 · SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS

O Teatro, viviu e vive en permanente crise que se vai repetindo ciclicamente: crise económica, crise creativa, crise de identidade... Pero foi precisamente desas crises cíclicas de onde sacou a enerxía para resistir, para transformarse, para evolucionar e avanzar ao longo da Historia.

1. PRESENTE E FUTURO DUNHA PROFESIÓN EN PERMANENTE CRISE

Ánxeles Cuña Bóveda, pedagoga, dramaturga, directora teatral e deputada no Parlamento de Galicia.

Luma Gómez, actriz e directora.

Belén Pichel, produtora.

Pedro Fresneda, dramaturgo e codirector do Teatro Ensalle.

Fran Núñez, director do CDG.

Moderador: Manuel Xestoso, crítico e escritor.

2. TEMPO DE TRANSFORMACIÓN?

Marián Bañobre, actriz, directora.

Eduardo R Cunha "Tatán", titiriteiro, actor.

Rut Balbís, creadora, intérprete e docente en artes do movemento

Cándido Pazó, dramaturgo, director, actor.

Rocío González, actriz.

Moderador: Cristina Domínguez, directora, profesora de voz.

www.mostrateatrocangas.gal




MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS

ORGANIZAN



PATROCINAN



COLABORAN

